

Estimadas familias de 6ºA,

Seguindo as instrucións facilitadas pola Consellería de Educación os días 12 e 13 de marzo de 2020 (www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus), “o profesorado programará nas páxinas web dos centros ou por outros medios telemáticos, accesibles ao seu alumnado, **actividades xenéricas** relacionadas cos contidos curriculares para que o seu alumnado as poida realizar no seu domicilio, e fará o seu seguimento, pero **non terán carácter de avaliábeis**”.

Desta forma, recollo a continuación varias propostas de tarefas xenéricas que @s nen@s poden realizar durante as próximas semanas:

MATEMÁTICAS

a) Poden repasar os contidos daqueles temas xa traballados na aula realizando as actividades que quedaron pendentes ou refacendo as do caderno:

Unidade 1: Números naturais e operacións

Unidade 2: Múltiplos e divisores

Unidade 3: Potencias

Unidades 4-5: Números decimais e operacións

Unidades 6-7: Fraccións e operacións

b) No caso de non ter libro de texto na casa e/ou como actividades de reforzo poden facer exercicios similares sobre estes contidos en páxinas web como www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos-matematicas; <https://es.ixl.com/math/6-primaria>; www.orientacionandujar.es/tag/fichas-de-matematicas/).

c) Tamén, outras tarefas máis lúdicas como: inventar problemas para operacións básicas; resolución de problemas da vida cotiá; practicar o cálculo mental mediante retos; utilización da calculadora; xogos matemáticos e materiais manipulativo que poidan ter na casa (cartas, palillos, moedas, regretas, dominó, monopoly, uno, etc.).

LINGUAS

a) Gramática: poden repasar exercicios do caderno e aplicar de forma práctica os contidos (ortografía, signos de puntuación, verbos, sintaxe).

b) Expresión escrita: poden realizar unha breve biografía sobre algunha muller (aproveitando a celebración do 8 de marzo) e buscar información sobre ela; escribir diferentes tipos de textos xa traballados en clase (expositivos, descritivos, narrativos, etc.) en función das preferencias de cada neno ou nena.

c) Lectura e comprensión escrita: é necesario que dediquen un tempo diario a lectura; unha boa opción sería continuar co libro “*Lendo lendas digo versos*”, que ademais inclúe un poema en cada capítulo. Podemos acompañar ao alumnado facendo preguntas ou resumos orais breves. No caso de non ter este libro na casa, poden realizar outras lecturas.

d) Comunicación oral: pequenos debates respectando as quendas de palabras e tentando ofrecer argumentos e opinións sobre temas de actualidade. Aproveitando que nesta semana celebrábase o día da prensa, unha boa opción podería ser utilizar recursos como o xornal (papel ou dixital), recursos audiovisuais e páxinas web, etc.

CIENCIAS

- Como repaso de **Ciencias Sociais** (unidades 3 e 4) levaron para a casa un conxunto de exercicios prácticos sobre cuestións como a publicidade, a poboación ou os sectores primario, secundario e terciario.

Tamén poden realizar algunha pequena investigación buscando información sobre algún tema de interese relacionado con este ou outros temas. Por exemplo, analizar un anuncio publicitario da televisión ou buscar datos curiosos sobre a poboación mundial ou local, visitar mapas interactivos, etc.

- Na área de **Naturais** poden empregar aplicacións para móbiles ou tabletas como *Quiver*, con xogos didácticos en realidade virtual sobre as células animais e vexetais e outros elementos da natureza; tamén repasar contidos con *vídeos* como www.youtube.com/watch?v=GS34snY_P4o; realizar *pequenos experimentos* de xerminación de sementes con lentellas ou garavanzos; no caso de ter xardín, existen aplicacións moi interesantes como *PlantNet*, que permiten identificar plantas e árbores da nosa contorna mediante as fotografías que fagamos a unha determinada follas ou flor (a app indícanos o nome científico, especie, outras imaxes, etc.). Na aula íamos a realizar un pequeno herbario con esta información, así que podería ser outra boa opción para a clasificación

OUTRAS PROPOSTAS

- Actividades relacionadas coa **educación artística** (debuxo libre, creacións diversas con materiais de refugallo, Collage, simetrías, etc.). No caso de ter interese poden utilizar a app *StopMotion* para crear unha curtametraxe mediante fotogramas (xa foi utilizada na aula) ou deseñar un cómic en <https://www.canva.com/>. Unha boa temática podería ser as lendas, cantigas, refráns e outros elementos da tradición oral que foron recollendo para o PDI do centro (“Fálame que te escoito”).
- De **programación**, mediante programas como *Scratch*, que xa utilizan en Robótica.
- **Visitas virtuais a museos**: <https://www.museodelprado.es/coleccion>; <https://artsandculture.google.com/partner/the-british-museum?hl=es-419>; App *Google Arts and Culture*.
- **Xogos de improvisación oral** como as regueifas (<https://www.youtube.com/watch?v=waloqWPZmLw>)
- Aprender e contar refráns, contos e lendas de **tradición oral** pode ser un bo momento para desfrutar en familia.
- **Películas, documentais e curtas** de educación en valores e outros elementos transversais do currículo:



El rural es feminista

(<https://www.youtube.com/watch?v=EbY4TVd4mTs>)

Xestión de conflitos

(<https://www.youtube.com/watch?v=TiNUaHXsjBA>)

Traballo en equipo

(<https://www.youtube.com/watch?v=-nyW2mbkhW8>)

Empatía, o valor de compartir

(<https://www.youtube.com/watch?v=bp-KcgbfehC>)

O vendedor de fume

(<https://www.youtube.com/watch?v=dwWqMgddes4>)

- **Propostas musicais**, que de seguro van facer máis divertidos estes días na casa.

Espero que mediante esta proposta de actividades, nen@s e familias poidades aproveitar ao máximo o tempo de suspensión das clases.

Para calquera dúbida ou aclaración podedes poñervos en contacto comigo en calquera momento que precisedes mediante *Tokapp* (queda habilitada resposta) ou no meu correo corporativo (jose.peleteiro@edu.xunta.gal).

Saúdos

Jose Peleteiro Otero

Mestre de 6º A
CEIP de Barouta